

Moción que presentamos os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE, para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

## **MOCIÓN PARA QUE SE CORRIXAN AS DEFICIENCIAS DE FUNCIONAMENTO DOS BOLARDOS UBICADOS NA R/ DESIDERIO VARELA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

No que levamos de 2018, producíronse varios accidentes nos bolardos situados na r/ Desiderio Varela, sendo o máis aparatoso o acontecido o día dous de xaneiro.

Se os bolardos existentes nesta rúa contaran con unha banda magnética ou sensor, estes accidentes non se terían producido. Por tanto, débense á imprudencia do goberno, e non á dos/as conductores/as como manifestou en La Voz de Galicia, o día catro de xaneiro de 2018, o Concelleiro de Obras e Servizos, o Sr Lamas Álvarez.

A raíz do accidente acontecido o dous de xaneiro, colocaron un sinal informativo, pero os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE, consideramos que non é suficiente, pois está comprobado que non está sendo eficiente.

Os tres grupos políticos asinantes desta moción, coincidimos en que foi un erro a colocación de bolardos na r/ Desiderio Varela, vistos os problemas que están xerando.

Ata o de agora, só tivemos que lamentar danos materiais, pero as consecuencias poideron ser peores, se en lugar de coches pasasen unha bicicleta ou un carriño de bebé.

Por todo o anteriormente exposto, e para intentar evitar que se produzan máis accidentes, os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE, solicitamos ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

- 1.-** Colocar, na r/ Desiderio Varela, uns bolardos que contén con unha banda magnética ou sensor que evite a elevación dos mesmos en caso de atoparse un vehículo dentro da súa zona.
- 2.-** Colocar sinais informativos verticais ou luminosos nestas dúas rúas que dispoñen de bolardos. En ditos sinais, deben figurar os datos sobre os vehículos autorizados, prohibicións e horarios.
- 3.-** Regular a existencia de bolardos mediante unha ordenanza, vén sexa de mobilidade urbana, ou incluso, cunha específica que regule os accesos peonís coma a existente no Concello de Benavente, por exemplo. Dita ordenanza xa debeu ser aprobada antes de proceder a posta en funcionamento dos bolardos.



**Carballo a, 18 de abril de 2018**



**Asdo: Aurelio Alfonso Nuñez Centeno**

**Vocelro de PP**

**Asdo: ESTEFANIA GANOSA CASTIÑEIRA**



**Vocelra de ToGa**

**Asdo: Mª CARMEN VILA BLANCO**



**Vocelra de PSdeG-PSOE**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO**



De acordo có previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE no Concello de Carballo, presentamos a seguinte moción

**MOCIÓN PARA QUE SE CONVOQUE A COMISIÓN DE URBANISMO, E NOS INFORMEN DAS MODIFICACIÓNS PUNTUAIS DO PXOM, ASÍ COMO TAMÉN, DOS CRITERIOS TÉCNICOS QUE SEGUIRON PARA REALIZALAS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Dende fai moitos anos, e ata que o BNG acadou a maioría absoluta, neste concello, era habitual informar a todos os grupos municipais, cada vez que se tomaban decisións de relevancia e transcendencia na ordenación territorial.

Para tal fin, convocábase a Comisión de Urbanismo, pois é o lugar idóneo para a discusión e a presentación da información respectiva sobre cada un dos aspectos relevantes a tratar.

Así foi en tempos pasados; e durante o tempo que durou a posta en marcha do Plan Xeral de Ordenación Municipal, non só se mantivo tal proceder senón que se intensificou tal e como a ocasión o requiría.

Con todo, dun tempo para acó, o goberno decidiu navegar en solitario, e non só non buscou a colaboración dos demais grupos, senón que ademais procedeu a manernos ao marxe de toda información, tendo que decatarnos, a través dos medios de comunicación, das decisións adoptadas polo equipo de goberno.

Os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE do Concello de Carballo, non entendemos a postura adoptada polo goberno, pois consideramos que se trata dunha total falta de transparencia, e tamén dunha práctica intensiva de ocultismo informativo, que son, nin máis nin menos que, unhas tácticas encamiñadas a entorpecer a labor de control dos grupos da oposición, contaminando desta maneira o normal desenvolvemento democrático deste Pleno.

Así mesmo, observamos con gran preocupación como cada vez que no Pleno interpelamos ao Goberno con cuestións urbanísticas, recibimos respostas evasivas, no mellor dos casos. Outras veces, dan a calada por resposta, ou directamente responden con cousas que nada teñen que ver coa cuestión exposta.

Por todo elo, os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE no Concello de Carballo, solicitamos ao Pleno a aprobación das seguintes **propostas**:

- **Que o grupo de goberno proceda a convocar a Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade para tratar as modificacións puntuais do PXOM que se están levando a cabo segundo o publicado en La voz de Galicia, o día 10 de abril de 2018.**
- **Que o grupo de goberno actúe con transparencia, e deixe de ocultar información aos demais grupos con representación neste Pleno.**
- **Que o grupo de goberno nos permita aos grupos da oposición realizar a nosa labor de fiscalizar a acción do goberno, e para iso, comece a trasladar as informacións procedentes polas canles oficiais, non obrigando aos concelleiros e ás concelleiras da oposición a acudir aos medios de comunicación para estar ao tanto das novidades municipais.**





**Asdo Aurelio Alfonso Nuñez Centeno**

**Vocelro do PP**

**Carballo a, 18 de abril de 2018**

**Asdo ESTEFANIA CAMOSA CASTIÑEIRA**



**Vocelra de TeGa**

**Asdo Mª CARMEN VILA BLANCO**



**Vocelra do PSdeG-PSOE**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO**





Moción que presentamos os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE, para a inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 97:3:

**MOCIÓN PARA QUE SE MANTEÑA O ANCHO DA VÍA DE SISTEMA XERAL DA VILA DE NEGREIRA Á IGREXA DE BÉRTOA POLA PARTE POSTERIOR DO NÚCLEO DE O FERRADAL (BÉRTOA), E EXECUTALA CANTO ANTES. ASÍ COMO TAMÉN, CAMBIAR O SISTEMA DE DESENVOLVEMENTO DO POLÍGONO S-R7**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O 14 de marzo de 2018, o grupo municipal de Terra Galega presentamos no rexistro do concello unha moción para que se execute a vía de sistema xeral que vai da Vila de Negreira á Igrexa de Bértoa. No pleno celebrado o día 26 de marzo esta moción foi rexeitada polos/as 11 representantes do BNG, mentres os/as de PP, TeGa e PsdeG-PSOE, votamos a favor.

O BNG argumentou o seu voto en contra, en que seguindo criterios técnicos é necesario facer unha modificación puntual para reducir o ancho do vial, pasando de 20m (así aparece recollido no PXOM) a 16m.

Preguntamos na oficina técnica por dito informe, e non existe.

O sistema de actuación do Polígono S-R7 recollido no PXOM é compensación, e o prazo de desenvolvemento é no primeiro cuatrienio. Pasaron máis de dous anos dende a entrada en vigor do Plan Xeral, e non vemos indicios de que se vaia desenvolver.

Ante a falta de informe técnico que recomende cambiar o ancho do vial recollido no PXOM, e dado que a execución da circunvalación non parece que vaia ser unha realidade nos próximos anos, os grupos municipais de PP, TeGa e PSdeG-PSOE, solicitamos ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Executar a vía de sistema xeral que vai da Vila de Negreira á Igrexa de Bértoa cun ancho de 20m que é como aparece recollido no PXOM.

2.- Rexeitar unha modificación puntual para reducir o ancho deste vial.

3.- Cambiar o sistema de actuación do polígono S-R7, pasando de ser por compensación a cooperación para axilizar o desenvolvemento de dito polígono.



**Carballo a, 18 de abril de 2018**



**Asdo: Aurelio Alfonso Nuñez Conteno**


**Vocelro de PP**

**Asdo: ESTEFANÍA CANOSA CASTIÑEIRA**



**Vocelra de ToGa**

**Asdo: M<sup>a</sup> CARMEN VILA BLANCO**



**Vocelra de PSdeG-PSOE**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO**

